

EMILIA PARDO BAZÁN E A LENDA DOS BURROS DA TOXA

Por: Francisco Meis

A historia da illa está ligada por moitas e innumerables razóns a xentes anónimas que procuraron nas augas sanadoras un remedio as súas dores e aos seus males. Dentro desa innumerable ligazón aos mananciais, a diversidade de clases sociais e profesións foi tan ampla como as áreas das praias da Cabreira. Entre os piñeiros, en algún momento do século pasado, mantiveron conversas ilustres músicos como Jesús Guridi, literatos como Unamuno, Wescslao Fernández Flórez ou a mesma Emilia Pardo Bazán. Dela trata este artigo xa que buscaremos de esclarecer a súa vinculación á illa a través da famosa lenda dos burros da Toxa. Logramos saber a través dos seus artigos que no ano de 1894 aínda non visitara o lugar e o que coñecía del era o que outras persoas lle contaran, pois dicía que aínda que gozaba dunha situación das máis poéticas e admirables do mundo a viaxe era insufrible. As mensaxes dos enfermos que chegaban a Madrid dunhas recuperacións sen parangón, como se de milagres se tratase, non lle facía esquecer o feito de que *“os que veñan a irremprazable Toxa terán que resignarse a viaxar en tren, en dilixencia e en dorna ou barca chata, a aloxarse sen confort e a encerrarse nunha illa”* pero aínda así, a pesar de todo isto, para a escritora que tiña aqueles antecedentes de curación na súa testa, remataba argumentando que *“o caño do manantial da Toxa debería ser de ouro”*.



Un dos burros fariñeiros de a Toxa.

A últimos do século XIX xa visitara a illa e o que comentara anteriormente por oídas puido definitivamente comprobalo no lugar. Emilia relatará con certo estupor como na illa *“carecíase de aparatos de hidroterapia, non había botica nin botiquín, nin auga potable que se traía en botixos dende o Grove”* e aínda a pesar de todo isto *“a xente, con case supersticiosa fe, agolpábase, apiñábase, estrugábase á porta dos cuartos de baño porfiando por tomar vez”*. É certamente ilustrativo como describe aos bañistas que, se non encontran acomodo na fonda, dormen na sala de billar ou ao lado do piano agardando que, en algún momento, non se queden *“sen a inmersión no bendito lodo vermello milagroso”*.

E de milagres tamén falou pois, moi probablemente cando veu á illa, puido visitar ao seu amigo Luis A. Mestre, ou mesmamente escoitalo ás xentes do lugar que lle darían pé a crear dunha maneira máis ou menos literaria o milagroso xerme da creación da historia do balneario da Toxa. De pais a fillos segue transmitíndose tal e como a relatou ela por escrito cando aínda non remataba o século XIX: *“conta a lenda que no Grove un aldeano posuía un burrico tiñoso, tan pelado e tan cuberto de costras e mataduras que daba horror. Apiadado o seu dono, non querendo matalo, abandonouno na illa; e grande foi o asomo ao encontrar, na volta dalgún tempo, un rucio sano, gordo e sen mácula, e o observar que o animal tiña a costume de revolcarse en certo charco fangoso, donde emerxía un chorro de auga fervendo. De este descubrimento ao ensaiar o remedio no ser humano pouco vai; e o ver que o home enfermo se curaba igualmente, descubertas quedaron as virtudes dos Barros”*.

Máis de 100 anos xa pasaron dende aquela vez que así o relatara a escritora coruñesa e a pesar de tantas xeracións que xa van aló segue tendo a mesma actualidade e perseveranza no tempo, e se cabe, fortalecida e emulada por eses dous pequenos burros fariñeiros que, de embaixadores das augas, quérannos trasladar ao orixe lendario dos mananciais.